

## **II. ADMINISTRACIÓN XERAL**



O sector da Administración Xeral constitúe o núcleo central dos orzamentos. Canaliza a maior parte da actividade económico–financeira da Comunidade Autónoma, ben de forma directa, a través da súa propia actuación xestora, ou indirectamente a través das transferencias que realiza aos organismos autónomos, entre elas as moi importantes que se destinan ao financiamento dos servizos sanitarios xestionados polo SERGAS. Un papel parecido desempeña en relación coas sociedades públicas, aínda que neste caso de forma máis atenuada xa que as vendas de servizos representan unha parte apreciable da súa capacidade de xeración de recursos.

Respecto ao ano anterior a estrutura orgánica dos orzamentos da Administración Xeral do ano 2006 experimenta os cambios derivados da aprobación dos decretos 211/2005, do 3 de agosto, 231/2005 e 232/2005, do 11 de agosto, 332/2005, do 18 de agosto, e 454/2005, do 1 de setembro. Créase a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, que, entre outras, absorbe as competencias das extinguidas Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, excepto as referentes a deportes, que pasan á Consellería de Cultura e Deporte, e as de emprego, que se sitúan na nova Consellería de Traballo. A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cede á Vicepresidencia as relacións institucionais, e asume as competencias da extinguida Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local. A Consellería de Innovación e Industria recolle as competencias de turismo que ata ese momento estaban na Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. A Consellería do Medio Rural absorbe as competencias en materia de montes e industrias forestais, que estaban na Consellería de Medio Ambiente. Por outra parte, pasan a depender directamente da Presidencia da Xunta as competencias da suprimida Consellería de Emigración, a política lingüística, anteriormente en Educación, a dirección da asesoría xurídica, as relacións exteriores e a comunicación social.

### 1. INGRESOS

Os ingresos estimados da Administración Xeral para o ano 2006 representan un total de 9.620,7 millóns de euros, que superan nun 9% a previsión do exercicio anterior.

Esa estimación incorpora un crecemento do 9,7% dos ingresos de carácter tributario, en torno a tres puntos por encima da taxa esperada de variación do produto interior bruto. Esta taxa de crecemento sobre os ingresos iniciais do 2005, queda matizada, se a contrastamos coa taxa de variación prevista dos ingresos tributarios en relación con os que se derivan do avance de liquidación do 2005, que estaría por debaixo do 4%. Este crecemento ven impulsado polas expectativas de recadación, existentes sobre os impostos de sucesións e doazóns e de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, en resumen, dos tributos cedidos, que medrarán entorno a un 11,5% sobre o avance de liquidación do ano 2005. Mentres, o incremento dos tributos compartidos se situaría nun 5,8%, sobre a cifra inicial do 2005, según os datos subministrados pola Dirección Xeral de Financiamento Territorial, do Ministerio de Economía e Facenda.

Os ingresos por transferencias correntes, que no ano 2006 recollen un importante financiamento adicional derivado dos acordos da II Conferencia de Presidentes das Comunidades Autónomas e da subseguinte reunión do Consello de Política Fiscal e Financeira, incrementáanse nun 10,1%, correspondéndolle ao Fondo de Suficiencia, a partida máis importante dese capítulo, un crecemento do 6,4%, representativo da variación estimada dos ITEn.

As transferencias de capital derivadas de Fondos Europeos, que corresponden aos remanentes da programación 2000–2006, crecerán un 3,2%, e o Fondo de Compensación Interterritorial presenta un crecemento do 6,1% sobre o ano anterior.

Finalmente, os ingresos por pasivos financeiros experimentan unha caída do 0,3%, que traducida en termos de endebedamento neto, que é o concepto realmente significativo, representa un incremento de 140.000.000 de euros.

## Orzamento de ingresos da Administración Xeral

Cadro nº 5

Capítulos		Distribución económica				(Miles de euros)	
		2005	2006	Variación 06 / 05	%	Valor relat. 2005	2006
I	Impostos directos	977.438	1.074.777	97.339	10,0	11,1	11,2
II	Impostos indirectos	2.189.649	2.412.680	223.031	10,2	24,8	25,1
III	Taxas, prezos e outros ingresos	166.766	169.801	3.035	1,8	1,9	1,8
IV	Transferencias correntes	4.190.587	4.615.851	425.264	10,1	47,5	47,9
V	Ingresos patrimoniais	9.900	11.564	1.664	16,8	0,1	0,1
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>7.534.340</b>	<b>8.284.673</b>	<b>750.333</b>	<b>10,0</b>	<b>85,4</b>	<b>86,1</b>
VI	Alleamento de investimentos reais	400	404	4	1,0	0,0	0,0
VII	Transferencias de capital	773.741	821.509	47.768	6,2	8,8	8,6
<b>TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS</b>		<b>8.308.481</b>	<b>9.106.586</b>	<b>798.105</b>	<b>9,6</b>	<b>94,2</b>	<b>94,7</b>
VIII	Activos financeiros	10	10	0	0,0	0,0	0,0
IX	Pasivos financeiros	515.831	514.068	-1.763	-0,3	5,8	5,3
<b>TOTAL INGRESOS FINANCEIROS</b>		<b>515.841</b>	<b>514.078</b>	<b>-1.763</b>	<b>-0,3</b>	<b>5,8</b>	<b>5,3</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>1.289.982</b>	<b>1.335.991</b>	<b>46.009</b>	<b>3,6</b>	<b>14,6</b>	<b>13,9</b>
<b>TOTAL</b>		<b>8.824.322</b>	<b>9.620.664</b>	<b>796.342</b>	<b>9,0</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

## 1.1 ANÁLISE POR CAPÍTULOS

*CAPÍTULO I. Impostos directos*

Os ingresos deste capítulo ascenden a 1.074,8 millóns de euros, superiores nun 10,0% aos previstos no exercicio anterior.

**CAPÍTULO I. Impostos directos**

Cadro nº 6

Conceptos		Distribución económica. Variacións 2005-2006.				(Miles de euros)	
		2005	2006	Variación 06 / 05	%	Valor Rela. 2005	2006
100	Sobre a renda das persoas físicas	815.760	883.785	68.025	8,3	83,4	82,2
110	Sucesións e doazóns	111.119	139.422	28.303	25,5	11,4	13,0
111	Patrimonio das persoas físicas	50.559	51.570	1.011	2,0	5,2	4,8
<b>TOTAL</b>		<b>977.438</b>	<b>1.074.777</b>	<b>97.339</b>	<b>10,0</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

**CAPÍTULO I. Impostos directos**

Cadro nº 7

Distribución económica. Evolución 2002-2004

(Miles de euros)

Conceptos	2002	2003	2004
100 Sobre a renda das persoas físicas	647.237	677.150	764.088
110 Sucesións e doazóns	111.896	99.652	106.220
111 Patrimonio das persoas físicas	41.470	45.900	47.818
<b>TOTAL</b>	<b>800.603</b>	<b>822.702</b>	<b>918.126</b>

**Tramo autonómico do Imposto da renda das persoas físicas**

A boa evolución esperada para este tributo apóiase no incremento das rendas brutas declaradas polos fogares, impulsadas polo aumento dos salarios, as pensións e as rendas de capital.

Polo que se refire as novidades normativas, no Proxecto de lei de presupostos xerais do Estado deben ser destacadas as seguintes:

A actualización dos coeficientes do valor da adquisición para as transmisión de bens inmoables non afectos a actividades económicas.

A deflactación da tarifa nun 2%.

Pola súa parte esta Comunidade Autónoma non fai uso no ano 2006 das competencias atribuídas pola Lei 18/2002, do 1 de xullo, de réxime de cesión de tributos do Estado.

As previsión de ingresos por I.R.P.F. alcanza un total de 883,8 millóns de euros, que representan un incremento do 8,3%.

**Imposto sobre sucesión e doazóns**

Prevense ingresos por valor de 139,4 millóns de euros, un 25,5% de incremento respecto ao exercicio anterior. Esta importante variación ven orixinada tanto pola obrigatoriedade do réxime de autoliquidación para o vindeiro exercicio, como pola mellora da xestión do imposto, con redución nos tempos de liquidación.

### Imposto sobre o patrimonio das persoas físicas

A recadación prevista para o ano 2006 é de 51,6 millóns de euros, que representan un moderado incremento do 2,0% respecto á previsión do ano anterior, mantendo así a tendencia dos últimos anos.

### CAPÍTULO II. Impostos indirectos

Os ingresos derivados de impostos indirectos estímase en 2.412,7 millóns de euros, que representan un crecemento do 10,2% sobre o pasado exercicio.

<b>CAPÍTULO II. Impostos indirectos</b>						
Cadro nº 8						
Distribución económica. Variacións 2005-2006.						
Conceptos	2005	2006	Variación 06 / 05		(Miles de euros)	
			Importe	%	Valor Relat.	2005
200 Sobre transmisións intervivos	221.972	296.752	74.780	33,7	10,1	12,3
201 Sobre actos xuríd. documentados	205.251	265.087	59.835	29,2	9,4	11,0
210 Sobre o valor engadido	1.072.660	1.126.014	53.354	5,0	49,0	46,7
220 Impostos especiais	573.890	606.635	32.745	5,7	26,3	25,1
221 Imposto minorista de hidrocarburos	90.558	92.369	1.811	2,0	4,1	3,8
290 Tributación aut. sobre o xogo	5.143	5.246	103	2,0	0,2	0,2
291 Grav. sobre contaminac. atmosférica	20.174	20.577	403	2,0	0,9	0,9
<b>TOTAL</b>	<b>2.189.649</b>	<b>2.412.680</b>	<b>223.032</b>	<b>10,2</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

### Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

A previsión de ingresos sitúase en 561,8 millóns de euros, que representan un incremento do 31,5% con respecto á estimación inicial do ano 2005.

Este forte crecemento responde a un axuste sobre os crecementos que se veñen experimentando en exercicios anteriores en relación coas previsións de recadación, debido ao incremento da actividade inmobiliaria. Tamén hai que

reseñar a mellora da xestión por parte das Delegacións Territoriais, que permitirá facer líquida a recadación en períodos máis curtos.

### Impostos especiais

A recadación polos impostos especiais crecerá a un ritmo superior ao experimentado no ano 2005, debido principalmente ao incremento dos tipos impositivos que gravan o alcohol, a cervexa, os produtos intermedios e o tabaco, así como ao aumento dos niveis de consumo esperados no conxunto destes tributos, a pesar de que para algún deles está previsto un ritmo máis moderado de crecemento (alcohol, tabaco e carburantes).

<b>CAPÍTULO II. Impostos indirectos</b>			
Cadro nº 9			
Distribución económica. Evolución 2002-2004			
(Miles de euros)			
Conceptos	2002	2003	2004
200 Sobre transmisións inter vivos	155.788	171.567	187.731
201 Sobre actos xuríd. documentados	111.265	129.534	162.699
210 Sobre o valor engadido	846.231	895.701	971.018
220 Impostos especiais	518.351	549.295	556.125
221 Imposto minorista de hidrocarburos	46.650	54.109	88.782
290 Tributación aut. sobre o xogo	6.263	4.846	4.943
291 Grav. sobre contaminac. atmosférica	15.927	19.302	19.302
<b>TOTAL</b>	<b>1.700.475</b>	<b>1.824.354</b>	<b>1.990.600</b>

### Gravame sobre a contaminación atmosférica

A previsión orzamentaria por este concepto é de 20,6 millóns de euros, non existindo novidades normativas ao respecto.

### Tributación autonómica sobre o xogo

Unicamente forma parte deste concepto o imposto autonómico sobre o bingo, que non experimenta ningunha novidade normativa. A previsión de recadación para este exercicio é de 5,2 millóns de euros.



*CAPÍTULO III. Taxas, prezos e outros ingresos*

A estimación de ingresos no capítulo III ascende a 169,8 millóns de euros, que incrementan nun 1,8% a previsión do ano anterior.

Elévanse os tipos das taxas de contía fixa vixentes, ata a cantidade que resulte da aplicación do coeficiente do 1,02 ás contías esixibles á entrada en vigor desta lei.

Considéranse taxas de contía fixa cando non están determinadas por unha porcentaxe sobre unha base, ou esta non se valora en unidades monetarias.

<b>CAPÍTULO III. Taxas, prezos e outros ingresos</b>						
Cadro nº 10						
Distribución económica. Variacións 2005-2006.						
(Miles de euros)						
Conceptos	2005	2006	Variación 06 / 05		Valor Rel.	
			Importe	%	2005	2006
301 Taxas por servicios administrativos	7.502	7.652	150	2,0	4,5	4,5
302 Taxas por servicios profesionais	27.711	28.265	554	2,0	16,6	16,5
303 Taxa por venda de bens	118	120	2	2,0	0,1	0,1
311 Prezos públicos	12.293	12.539	246	2,0	7,4	7,4
312 Prezos privados	7.075	7.217	142	2,0	4,2	4,3
320 Taxas sobre o xogo	80.044	80.844	800	1,0	48,0	47,6
380 Reintegros de exercicios pechados	6.608	6.844	235	3,6	4,0	4,0
381 Reintegros do orzamento corrente	4.705	4.873	168	3,6	2,8	2,9
391 Xuros de demora	1.735	1.797	62	3,6	1,0	1,1
392 Sancións impostas polas Consell.	13.593	14.077	484	3,6	8,2	8,3
399 Ingresos diversos	5.381	5.573	192	3,6	3,2	3,3
<b>TOTAL</b>	<b>166.766</b>	<b>169.801</b>	<b>3.035</b>	<b>1,8</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Exceptúanse do incremento mencionado anteriormente aquelas taxas que se recadan mediante efectos timbrados.

Introdúcense diversas modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, entre as que poden ser destacadas diversas adaptacións en materia de taxas administrativas de xogo e, por outra parte, a organización das taxas por

actuacións no rexistro da propiedade intelectual, en materia de seguros, de montes, sanidade animal, aluguer de embarcacións de lecer, produtores e xestores de residuos urbanos. Créase tamén a taxa de dirección e inspección de explotación de infraestruturas hidráulicas. E por último modifícanse algúns aspectos das taxas portuarias, (X-1 entrada e estancia de barcos, X-2 atraque, X-3 mercancías, X-4 pesca fresca e X-5 embarcacións deportivas), modificándose igualmente algúns aspectos das tarifas por servizos específicos dentro dos portos.

### CAPÍTULO III. Taxas, prezos e outros ingresos

Cadro nº 11

Distribución económica. Evolución 2002-2004

(Miles de euros)

Conceptos	2002	2003	2004
301 Taxas por servizos administrativos	7.765	7.500	7.771
302 Taxas por servizos profesionais	12.597	13.324	13.806
303 Taxa por venda de bens	72	75	78
311 Prezos públicos	13.403	14.339	14.339
312 Prezos privados	7.002	6.575	6.575
320 Taxas sobre o xogo	77.531	77.677	87.368
380 Reintegros de exercicios pechados	6.180	6.402	6.402
381 Reintegros de orzamento corrente	4.401	4.559	4.559
391 Xuros de demora	1.623	1.681	1.681
392 Sancións impostas polas Consell.	12.711	13.168	13.168
399 Ingresos diversos	2.130	5.213	5.213
<b>TOTAL</b>	<b>145.415</b>	<b>150.514</b>	<b>160.960</b>

#### Taxa sobre o xogo

Como novidade normativa da Comunidade Autónoma elévanse os tipos de gravame da Taxa fiscal sobre máquinas recreativas tipo B e C, na contía do 2%, e por outra parte, no relativo aos casinos de xogo, defláctase a tarifa nas taxas de inflación correspondentes aos exercicios de 2005 e 2006. (No 2005 un 3%, e no 2006 un 2%. En total un 5%).

*CAPÍTULO IV. Transferencias correntes*

Os ingresos previstos por transferencias correntes ascenden a 4.615,8 millóns de euros, que representan un incremento do 10,1% sobre o ano anterior.

A maior parte desas transferencias proceden da Administración Xeral do Estado e corresponden á participación da Comunidade Autónoma, a través do Fondo de Suficiencia, principalmente, no sistema de financiamento establecido pola Lei 21/2001, do 27 de decembro.

O Fondo de Suficiencia é o mecanismo de peche dese sistema, e cubre, debidamente actualizado pola evolución dos ITEn definidos na Lei 21/2001, a diferenza existente entre as necesidades de financiamento da Comunidade Autónoma no ano base 1999 e os recursos proporcionados polos tributos cedidos e compartidos. Os ingresos do ano 2006 por este concepto, en calidade de entrega a conta, supoñen 3.221,9 millóns de euros, que superan nun 8,3% aos do anterior exercicio.

**CAPÍTULO IV. Transferencias correntes**


Cadro nº 12

Distribución económica. Variacións 2005-2006.

(Miles de euros)

Conceptos	2005	2006	Variación 06 / 05		Valor Rel.	
			Importe	%	2005	2006
400 Participación ingresos do Estado	3.289.244	3.653.199	363.955	11,1	78,6	79,2
402 Particip. CC.LL. tributos do Estado	690.140	730.054	39.914	5,8	16,5	15,9
403 Subvencións finalistas	153.715	172.561	18.845	12,3	3,7	3,7
422 Do ISM	1.972	2.051	79	4,0	0,0	0,0
490 Do Fondo Social Europeo	55.410	56.245	835	1,5	1,2	1,2
491 Iniciativa Equal	0	1.386	1.386		0,0	0,0
493 Interreg	106	262	156	147,7	0,0	0,0
499 Outros Fondos Europeos	0	93	93		0,0	0,0
<b>TOTAL</b>	<b>4.190.587</b>	<b>4.615.851</b>	<b>425.264</b>	<b>10,1</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Gráfico nº 1



Ademais dos ingresos previstos pola liquidación definitiva do financiamento do ano 2004, recóllense neste capítulo algunhas partidas incluídas nos acordos sobre mellora de financiamento, aprobados polo Consello de Política Fiscal e Financeira, de 13 de setembro de 2005, entre elas a aportación adicional derivada da actualización dos datos de poboación utilizados no cálculo do financiamento sanitario e o anticipo a conta da liquidación definitiva dos tributos cedidos e do Fondo de Suficiencia do ano 2006 (utilizouse unicamente un 2% da base de cálculo empregada para a determinación inicial das entregas a conta, aínda que o Real decreto-lei 12/2005 permitiría chegar ata o 4%), excluíndose os ingresos derivados da suba dos impostos sobre o alcohol e o tabaco, que aparecen recollidos no capítulo II, e aqueles outros que corresponden a fondos sanitarios sobre os que aínda non se teñen determinados os criterios de reparto, que son orzados directamente no SERGAS.

As transferencias ás Corporacións Locais, correspondentes a súa participación nos tributos do Estado, resultan neutrais para a Comunidade Autónoma a efectos financeiros, xa que os ingresos que finalmente se perciban

por ese concepto terán exacta correspondencia cos pagos que a Comunidade deberá efectuar aos entes locais.

En relación coas subvencións de carácter finalista procedentes do Estado efectúase unha previsión de incremento do 12,3%. Entre elas figuran as que corresponden ao pago de pensións asistenciais non contributivas, con cargo ao Fondo Nacional de Asistencia Social, as financiadas con fondos procedentes do Instituto Nacional de Emprego para a realización de actuacións de formación profesional ocupacional, e as que corresponden á aportación financeira do servizo público de emprego estatal ao financiamento do plan integral de emprego desta Comunidade Autónoma.

#### CAPÍTULO IV. Transferencias correntes

Cadro nº 13

##### Distribución económica. Evolución 2002-2004

(Miles de euros)

Conceptos	2002	2003	2004
400 Participación ingresos do Estado	2.658.666	2.765.585	2.965.354
402 Participac. CC.LL. ingresos Estado	597.526	628.419	661.097
403 Subvencións finalistas	126.909	126.908	133.144
407 Programa aforro I.T.	19.214	0	0
409 Custo novas transferencias	9.075	0	0
410 De OO. AA.	1.503	2.200	9.018
422 Do ISM	1.863	1.896	1.976
461 De Deputacións	0	66.580	63.233
490 Do Fondo Social Europeo	65.276	0	0
491 Iniciativa Emprego	0	0	90
<b>TOTAL</b>	<b>3.480.032</b>	<b>3.591.589</b>	<b>3.833.912</b>

Os ingresos procedentes do Fondo Social Europeo pechan a relación de transferencias deste capítulo. Cofinancian actuacións de prevención e loita contra o desemprego e de desenvolvemento dos recursos humanos, así como de fomento da integración dos traballadores no mercado laboral. Os 56,2 millóns de euros orzamentados no ano 2006 completan a totalidade dos que corresponden ao programa operativo 2000–2006.

*CAPÍTULO V. Ingresos patrimoniais*

Teñen a consideración de ingresos patrimoniais as rendas que se producen como contrapartida pola utilización por terceiros de activos que forman parte do patrimonio da Comunidade Autónoma.

**CAPÍTULO V. Ingresos patrimoniais**

Cadro nº 14

Distribución económica. Variacións 2005-2006.

(Miles de euros)

Conceptos	2005	2006	Variación 06 / 05		Valor Relat.	
			Importe	%	2005	2006
520 Xuros de contas bancarias	8.300	9.150	850	10,2	83,8	79,1
534 De empr. públ. e outros entes públ.	0	793	793		0,0	6,9
599 Outros	1.600	1.621	21	1,3	16,2	14,0
<b>TOTAL</b>	<b>9.900</b>	<b>11.564</b>	<b>1.664</b>	<b>16,8</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

A maior parte deses ingresos corresponden a xuros devengados nas contas operativas da Tesourería en entidades financeiras, que se manteñen na liña das previsións efectuadas no pasado exercicio. No ano 2006 inclúense 1,864 millóns de euros correspondentes a dividendos e xuros de débeda subordinada procedentes da sociedade pública SOGAMA, que xustifican basicamente o aumento experimentado sobre a previsión deste capítulo no ano anterior.

**CAPÍTULO V. Ingresos patrimoniais**

Cadro nº 15

Distribución económica. Evolución 2002-2004

(Miles de euros)

Conceptos	2002	2003	2004
520 Xuros de contas bancarias	9.406	9.808	9.770
599 Outros	60	1.692	1.930
<b>TOTAL</b>	<b>9.466</b>	<b>11.500</b>	<b>11.700</b>

*CAPÍTULO VI. Alleamento de investimentos reais*

Figuran presupostados neste capítulo ingresos procedentes da venda de inmobles, terreos e construcións, propiedade da Comunidade Autónoma.

<b>CAPÍTULO VI. Alleamento de investimentos reais</b>							
Cadro nº 16							
Distribución económica. Variacións 2005-2006.							
(Miles de euros)							
Conceptos	2005	2006	Variación 06 / 05		Valor Rel.		
			Importe	%	2005	2006	
600 Venda de soares	400	404	4	1,0	100,0	100,0	
<b>TOTAL</b>	<b>400</b>	<b>404</b>	<b>4</b>	<b>1,0</b>	<b>100</b>	<b>100</b>	

<b>CAPÍTULO VI. Alleamento de investimentos reais</b>				
Cadro nº 17				
Distribución económica. Evolución 2002-2004				
(Miles de euros)				
Conceptos	2002	2003	2004	
600 Venda de solares	601	650	700	
601 Venda de fincas rústicas	0	50		
<b>TOTAL</b>	<b>601</b>	<b>700</b>	<b>700</b>	

O carácter atípico e excepcional destas operacións xustifica a súa escasa relevancia económica, que polo que respecta ao ano 2006 mantense practicamente nas cifras do exercicio precedente.

*CAPÍTULO VII. Transferencias de capital*

A previsión de ingresos derivados de transferencias de capital ascende a 821,5 millóns de euros, que superan nun 6,2% a cifra presupostada no ano anterior.

## CAPÍTULO VII. Transferencias de capital


Cadro nº 18

Distribución económica. Variacións 2005-2006.

(Miles de euros)

Conceptos	2005	2006	Variación 06 / 05		Valor Rel.	
			Importe	%	2005	2006
700 Do FCI	172.981	183.536	10.555	6,1	22,4	22,3
702 Subvencións Finalistas	93.334	106.152	12.818	13,7	12,1	12,9
741 Doutrous entes públicos	0	1.860	1.860		0,0	0,2
760 De Concellos	0	6.520	6.520		0,0	0,8
761 De Deputacións	423	423	0	0,0	0,1	0,1
790 FEDER. P.O.	170.984	183.261	12.277	7,2	22,1	22,3
791 Iniciativa Interreg	8.436	3.131	-5.305	-62,9	1,1	0,4
792 FEOGA	215.029	230.615	15.586	7,2	27,7	28,1
793 Fondos de Cohesión	5.984	0	-5.984	-100,0	0,8	0,0
794 IFOP. P.O. I	106.570	105.662	-908	-0,9	13,7	12,9
795 Equal	0	349	349		0,0	0,0
<b>TOTAL</b>	<b>773.741</b>	<b>821.509</b>	<b>47.768</b>	<b>6,2</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Gráfico nº 2





Da cantidade indicada 523,0 millóns de euros corresponden a fondos europeos, no último ano da programación aprobada para o período 2000–2006, que crecen un 3,2% sobre o pasado exercicio; 289,7 millóns a transferencias do Estado, que aumentan un 8,8%, aínda que hai que observar que a maior parte desas transferencias corresponden ao F.C.I., que crece un 6,1%; e 8,8 millóns a outras transferencias procedentes das entidades locais e do Consorcio da Zona franca de Vigo, que por derivar da subscripción de acordos e convenios singularizados oscilan considerablemente dun a outro exercicio, experimentando un notable aumento no ano actual.

Entre as transferencias procedentes do Estado, 183,5 millóns corresponden ao Fondo de Compensación Interterritorial, que é un dos mecanismos de financiamento das Comunidades Autónomas establecidos na Constitución. Despois da modificación da LOFCA, efectuada pola Lei Orgánica 7/2001, e da aprobación da Lei 22/2001, reguladora do Fondo, este instrumento de solidariedade interterritorial bifurcase nun Fondo principal, ao que se atribúe o 75% do total e que se destina exclusivamente ao financiamento de investimentos, e nun Fondo complementario, ao que se asigna o 25% restante, que pode financiar gastos de posta en marcha ou de funcionamento deses investimentos. A porcentaxe que representan no ano 2006 os Fondos de Compensación Interterritorial de todas as Comunidades sobre a base de cálculo do investimento público do Estado é do 35,5%, e polo que respecta a Galicia as transferencias que lle corresponden superan nun 6,1% ás presupostadas no ano anterior.

**CAPÍTULO VII. Transferencias de capital**

Cadro nº 19

Distribución económica. Evolución 2002-2004

(Miles de euros)

Conceptos	2002	2003	2004
700 Do FCI	140.595	155.274	163.942
702 Subvencións Finalistas	47.978	54.933	83.955
761 De Deputacións	1.078	1.623	423
790 FEDER. P.O.	169.429	172.686	167.909
791 Iniciativa Interreg	0	13.732	15.241
792 FEOGA	168.585	178.784	198.102
793 Fondos de Cohesión	30.815	41.236	13.504
794 IFOP. P.O. I	77.061	77.009	89.162
<b>TOTAL</b>	<b>635.541</b>	<b>695.277</b>	<b>732.238</b>

Igualmente procedentes dos orzamentos do Estado, as subvencións finalistas de capital financian actuacións que corresponden a competencias propias da Comunidade Autónoma. O carácter fluctuante dos acordos e convenios que dan lugar a este tipo de transferencias, que en todo caso vense normalmente incrementados ao longo do exercicio, determinan un aumento do 13,7% respecto ao ano anterior.

No último ano correspondente á programación do período 2000–2006 os ingresos procedentes de fondos europeos crecen un 3,2% sobre o pasado exercicio, respecto ao cal desaparecen os Fondos de Cohesión. O FEDER, que se destina principalmente ao financiamento de infraestruturas de apoio á expansión da actividade económica, incrementase nun 7,2%. O FEOGA proporciona recursos a través das súas dúas seccións: Orientación e Garantía, que crecen conxuntamente un 7,2%. O FEOGA Garantía está destinado basicamente ao financiamento de gastos asociados ás políticas de intervención e regulación de mercados e de prezos agrícolas, mentres que o FEOGA Orientación financia principalmente actuacións de adaptación das

estruturas agrarias e das industrias agroalimentarias. Finalmente, o IFOP, destinado ao desenvolvemento de accións estruturais dentro dos sectores pesqueiro e da acuicultura, experimenta unha caída do 0,9% sobre o ano 2005.

### *CAPÍTULO VIII. Activos financeiros*

Os ingresos previstos pola venda por parte da Comunidade Autónoma de títulos representativos da propiedade de capital, coincide coa estimación realizada no ano anterior. A súa contía inicial carece de significación, aínda que é susceptible de variación ao longo do exercicio en función de criterios de oportunidade económica.

Cadro nº 20

**CAPÍTULO VIII. Activos financeiros**

---

Distribución económica. Variacións 2005-2006.

(Miles de euros)

Conceptos	2005	2006	Variación 06 / 05		Valor Rela.	
			Importe	%	2005	2006
850 Alleam. accións do sector público	10	10	0	0,0	100,0	100,0
<b>TOTAL</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>0</b>	<b>0,0</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Cadro nº 21

**CAPÍTULO VIII. Activos financeiros**

---

Distribución económica. Evolución 2002-2004

(Miles de euros)

Conceptos	2002	2003	2004
850 Alleam. accións do sector público	6.010	10	10
<b>TOTAL</b>	<b>6.010</b>	<b>10</b>	<b>10</b>

*CAPÍTULO IX. Pasivos financeiros*

Os ingresos deste capítulo diminúen un 0,3% sobre os presupostados no ano anterior. Sen embargo en termos de endebedamento neto prodúcese un incremento de 140 millóns de euros, que teñen encaixe dentro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria asumidos pola Comunidade Autónoma.

**CAPÍTULO IX. Pasivos financeiros**

Cadro nº 22

## Distribución Económica. Variacións 2005-2006.

(Miles de euros)

Conceptos	2005	2006	Variación 06 / 05		Valor Rela.	
			Importe	%	2005	2006
950 Prést. recibidos e emisión débeda	515.831	514.068	-1.763	-0,3	100,0	100,0
<b>TOTAL</b>	<b>515.831</b>	<b>514.068</b>	<b>-1.763</b>	<b>-0,3</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Cadro nº 23

**CAPÍTULO IX. Pasivos financeiros**

## Distribución económica. Evolución 2002-2004

(Miles de euros)

Conceptos	2002	2003	2004
950 Prést. recibidos e emisión deuda	210.948	413.648	259.085
<b>TOTAL</b>	<b>210.948</b>	<b>413.648</b>	<b>259.085</b>

## **2. GASTOS**

De forma paralela aos ingresos o orzamento de gastos da Administración Xeral crecerá un 9,0% no ano 2006. Esa variación convértese no 9,3% para os gastos correntes, que soportan basicamente o desenvolvemento das políticas educativas, sanitarias (a través das transferencias ao SERGAS) e de orde social, e sube ata un 11,4% polo que respecta ás operacións non financeiras de capital, sobre as que descansan as políticas de investimentos asociadas maioritariamente ao crecemento económico, nun exercicio onde se incidirá moi especialmente na consecución de obxectivos de modernización da economía e de fortalecemento da cohesión social e territorial do país.

O importante papel que desempeña o orzamento de gasto da Administración Xeral ven dado non só polas actuacións que se desenvolven directamente ao seu cargo polos diferentes departamentos da administración autonómica (educación, políticas de cohesión e benestar, políticas de apoio aos sectores produtivos, etc.) se non tamén pola relevancia da actividade dos organismos autónomos e das sociedades públicas que son financiadas a través del en proporcións moi diversas (a xestión dos servizos sanitarios é unha parte significativa dos investimentos entre elas).

O cambio de goberno derivado das eleccións do pasado ano ao Parlamento de Galicia determinou unha profunda remodelación dos departamentos da Administración Autonómica, e tamén en moitos casos das súas estruturas internas, levada a cabo a través da aprobación dos Decretos 211/2005, do 3 de agosto, 231/2005 e 232/2005, do 11 de agosto, 332/2005, do 18 de agosto, e 454/2005, do 1 de setembro.

Polo que respecta á clasificación orgánica dos orzamentos, os cambios experimentados, que nalgún caso supuxeron a desaparición do antigo departamento e noutros a creación de novas seccións, faría en moitos casos irrelevante establecer unha comparación entre as dotacións de créditos iniciais do ano 2005 e as autorizadas no exercicio de 2006.

Para obviar parcialmente ese problema os cadros que se ofrecen a continuación inclúen como datos correspondentes aos orzamentos de 2005 os que resultarían de asignar hipoteticamente a cada un dos departamentos, desde o comezo do exercicio, os créditos das aplicacións de gasto que lle foron asignadas como consecuencia da mencionada remodelación, permitindo desta forma establecer unha comparación entre ambos os dous exercicios sobre termos máis homoxéneos.

Dado que os criterios de asignación de actuacións e proxectos ós programas resultaron modificadas polos cambios estruturais antes mencionados a comparación indicativa entre ambos exercicios se sustenta na clasificación económica por capítulos e orgánica por seccións.

## Orzamento homoxeneizado de gastos da Administración Xeral


Cadro nº 24

## Distribución económica

(Miles de euros)

Capítulos	2005	2006	Variac. 06 / 05	Valor Rel.		
				%	05	06
I Gastos de persoal	1.588.226	1.681.276	93.050	5,9	18,0	17,5
II Gastos en bens correntes e servizos	377.727	425.409	47.682	12,6	4,3	4,4
III Gastos financeiros	138.241	141.636	3.394	2,5	1,6	1,5
IV Transferencias correntes	4.236.311	4.681.566	445.256	10,5	48,0	48,7
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>6.340.505</b>	<b>6.929.887</b>	<b>589.382</b>	<b>9,3</b>	<b>71,9</b>	<b>72,0</b>
VI Investimentos reais	867.442	964.659	97.217	11,2	9,8	10,0
VII Transferencias de capital	1.117.422	1.246.298	128.876	11,5	12,7	13,0
<b>TOTAL OPER. NON FINANC. DE CAPITAL</b>	<b>1.984.863</b>	<b>2.210.957</b>	<b>226.094</b>	<b>11,4</b>	<b>22,5</b>	<b>23,0</b>
<b>TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS</b>	<b>8.325.368</b>	<b>9.140.844</b>	<b>815.475</b>	<b>9,8</b>	<b>94,3</b>	<b>95,0</b>
VIII Activos financeiros	112.423	105.752	-6.671	-5,9	1,3	1,1
IX Pasivos financeiros	386.531	374.068	-12.463	-3,2	4,4	3,9
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	<b>498.954</b>	<b>479.820</b>	<b>-19.134</b>	<b>-3,8</b>	<b>5,7</b>	<b>5,0</b>
<b>TOTAL GASTOS FINANCEIROS</b>	<b>498.954</b>	<b>479.820</b>	<b>-19.134</b>	<b>-3,8</b>	<b>5,7</b>	<b>5,0</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>2.483.817</b>	<b>2.690.777</b>	<b>206.960</b>	<b>8,3</b>	<b>28,1</b>	<b>28,0</b>
<b>TOTAL</b>	<b>8.824.322</b>	<b>9.620.664</b>	<b>796.342</b>	<b>9,0</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

Gráfico nº 3



## Orzamento homoxeneizado de gastos da Administración Xeral

Cadro nº 25

## Distribución orgánica

(Miles de euros)

Seccións	2005	2006	Variac. 06 / 05		Valor Rel.	
			Importe	%	05	06
01 Parlamento	18.138	19.214	1.076	5,9	0,2	0,2
02 Consello de Contas	7.109	6.629	-480	-6,8	0,1	0,1
03 Consello da Cultura Galega	2.434	2.863	429	17,6	0,0	0,0
04 Presidencia da Xunta	175.202	182.512	7.310	4,2	2,0	1,9
05 Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	327.095	365.875	38.780	11,9	3,7	3,8
06 Cons. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	180.222	197.193	16.971	9,4	2,0	2,0
07 Cons. Economía e Facenda	150.158	160.494	10.336	6,9	1,7	1,7
08 Cons. Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	405.870	454.448	48.578	12,0	4,6	4,7
09 Cons. Educación e Ordenación Universitaria	1.817.609	1.983.462	165.853	9,1	20,6	20,6
10 Cons. Innovación e Industria	287.060	310.009	22.949	8,0	3,3	3,2
11 Cons. Medio Rural	527.633	569.098	41.465	7,9	6,0	5,9
12 Cons. Cultura e Deporte	144.985	164.795	19.810	13,7	1,6	1,7
13 Cons. Sanidade	2.682.450	2.979.911	297.462	11,1	30,4	31,0
14 Cons. Pesca e Asuntos Marítimos	213.857	217.727	3.869	1,8	2,4	2,3
15 Cons. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	185.005	197.459	12.454	6,7	2,1	2,1
16 Cons. Traballo	262.867	297.761	34.894	13,3	3,0	3,1
17 Cons. Vivenda e Solo	79.392	107.634	28.242	35,6	0,9	1,1
20 Consello Consultivo de Galicia	1.508	1.670	162	10,8	0,0	0,0
21 Transferencias a CC.LL.	754.042	820.283	66.241	8,8	8,5	8,5
22 Débeda Pública	523.655	514.652	-9.003	-1,7	5,9	5,3
23 Gastos Diversas Consellerías	78.030	66.977	-11.053	-14,2	0,9	0,7
<b>TOTAL</b>	<b>8.824.322</b>	<b>9.620.664</b>	<b>796.341</b>	<b>9,0</b>	<b>100</b>	<b>100</b>



## Orzamento homoxeneizado de gastos da Administración Xeral

Cadro nº 26

## Distribución orgánica

(Miles de euros)

Seccións	2005	2006	Variac. 06 / 05		Valor Rel.	
			Importe	%	05	06
01 Parlamento	18.138	19.214	1.076	5,9	0,2	0,2
02 Consello de Contas	7.109	6.629	-480	-6,8	0,1	0,1
03 Consello da Cultura Galega	2.434	2.863	429	17,6	0,0	0,0
04 Presidencia da Xunta	175.202	182.512	7.310	4,2	2,0	1,9
05 Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	327.095	365.875	38.780	11,9	3,7	3,8
06 Cons. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	180.222	197.193	16.971	9,4	2,0	2,0
07 Cons. Economía e Facenda	150.158	160.494	10.336	6,9	1,7	1,7
08 Cons. Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	405.870	454.448	48.578	12,0	4,6	4,7
09 Cons. Educación e Ordenación Universitaria	1.817.609	1.983.462	165.853	9,1	20,6	20,6
10 Cons. Innovación e Industria	287.060	310.009	22.949	8,0	3,3	3,2
11 Cons. Medio Rural	527.633	569.098	41.465	7,9	6,0	5,9
12 Cons. Cultura e Deporte	144.985	164.795	19.810	13,7	1,6	1,7
13 Cons. Sanidade	2.682.450	2.979.911	297.462	11,1	30,4	31,0
14 Cons. Pesca e Asuntos Marítimos	213.857	217.727	3.869	1,8	2,4	2,3
15 Cons. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	185.005	197.459	12.454	6,7	2,1	2,1
16 Cons. Traballo	262.867	297.761	34.894	13,3	3,0	3,1
17 Cons. Vivenda e Solo	79.392	107.634	28.242	35,6	0,9	1,1
20 Consello Consultivo de Galicia	1.508	1.670	162	10,8	0,0	0,0
21 Transferencias a CC.LL.	754.042	820.283	66.241	8,8	8,5	8,5
22 Débeda Pública	523.655	514.652	-9.003	-1,7	5,9	5,3
23 Gastos Diversas Consellerías	78.030	66.977	-11.053	-14,2	0,9	0,7
<b>TOTAL</b>	<b>8.824.322</b>	<b>9.620.664</b>	<b>796.342</b>	<b>9,0</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

## Orzamento de gastos da Administración Xeral

Cadro nº 27

## Distribución orgánica e económica

(Miles de euros)

Seccións	Capítulos								TOTAL
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	
01 Parlamento	9.184	6.299	0	2.442	1.137	34	118	0	19.214
02 Consello de Contas	4.447	1.316	0	3	828	0	36	0	6.629
03 Consello da Cultura Galega	1.018	1.307	0	150	389	0	0	0	2.863
04 Presidencia da Xunta	11.343	8.246	0	17.843	31.389	18.423	95.269	0	182.512
05 Vicep. da Igualdade e do Benestar	97.952	114.820	0	110.395	25.672	17.036	0	0	365.875
06 Presid., Admóns Públicas e Xustiza	87.097	33.061	54	22.343	30.855	23.782	0	0	197.193
07 Economía e Facenda	24.844	4.433	0	22.707	6.831	101.092	587	0	160.494
08 Polít. Territ., O.P. e Transportes	25.376	2.839	0	7.112	354.513	64.609	0	0	454.448
09 Educación e Ord. Universitaria	1.137.723	186.037	298	517.026	112.750	29.627	0	0	1.983.462
10 Innovación e Industria	15.499	1.933	0	49.797	29.905	204.996	7.878	0	310.009
11 Medio Rural	98.652	8.270	0	18.226	150.853	293.096	0	0	569.098
12 Cultura e Deporte	20.796	7.438	0	19.396	42.268	74.897	0	0	164.795
13 Sanidade	41.176	2.259	0	2.901.379	33.465	1.633	0	0	2.979.911
14 Pesca e Asuntos Marítimos	26.097	4.420	700	3.801	49.079	133.630	0	0	217.727
15 Medio Ambiente e Desenv. Sostible	26.061	5.083	0	4.284	52.010	108.157	1.864	0	197.459
16 Traballo	37.405	14.876	0	233.895	10.994	590	0	0	297.761
17 Vivenda e Solo	3.628	2.580	0	17.213	6.247	77.967	0	0	107.634
20 Consello Consultivo de Galicia	1.248	316	0	0	106	0	0	0	1.670
21 Transferencias a CC.LL.	0	0	0	730.054	0	90.229	0	0	820.283
22 Débeda Pública	0	0	140.584	0	0	0	0	374.068	514.652
23 Gastos Diversas Consellerías	11.731	19.875	0	3.500	25.371	6.500	0	0	66.977
<b>TOTAL</b>	<b>1.681.276</b>	<b>425.408</b>	<b>141.636</b>	<b>4.681.566</b>	<b>964.659</b>	<b>1.246.298</b>	<b>105.752</b>	<b>374.068</b>	<b>9.620.664</b>

## 2.1 ANÁLISE POR CAPÍTULO

*CAPÍTULO I. Gastos de persoal*

O gasto destinado ao pago das retribucións e das cotas sociais dos empregados da Administración Autonómica crecen un 5,9% sobre o ano anterior, incorporando, entre outros conceptos, os incrementos salariais do exercicio (crecemento do 2% das retribucións, repercusión do complemento de destino sobre as pagas extraordinarias nos termos establecidos na Lei de Orzamentos, dotación dun 0,5% adicional para un Fondo salarial), as dotacións para atender os acordos salariais de carácter especial en vigor (Educación, Xustiza), e as dotacións destinadas a equiparación de niveis dos funcionario.

No orzamento da Administración Xeral o gasto de persoal é, basicamente, gasto en educación, que absorbe o 68,3% dos créditos autorizados para este capítulo, na súa maior parte, un 67,7%, a través da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, aínda que non debe esquecerse que a través das transferencias ao SERGAS do capítulo IV estase a financiar o gasto de persoal dese organismo, nunha cifra incluso superior á destinada a educación.

<b>CAPÍTULO I. Gastos de personal</b>						
<b>(orzamento homoxeneizado)</b>						
Cadro nº 28						
Distribución orgánica						
(Miles de euros)						
Seccións	2005	2006	Variac. 06 / 05		Valor Rel.	
			Importe	%	2005	2006
01 Parlamento	8.436	9.184	749	8,9	0,5	0,5
02 Consello de Contas	4.171	4.447	275	6,6	0,3	0,3
03 Consello da Cultura Galega	782	1.018	236	30,1	0,0	0,2
04 Presidencia da Xunta	10.099	11.343	1.244	12,3	0,6	0,7
05 Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	91.386	97.952	6.565	7,2	5,8	5,8
06 Cons. Presidencia, Admóns Públicas e Xustiza	79.335	87.097	7.762	9,8	5,0	5,3
07 Cons. Economía e Facenda	23.908	24.844	937	3,9	1,6	1,6
08 Cons. Polit. Territ., O.P. e Transportes	23.776	25.376	1.600	6,7	1,5	1,5
09 Cons. Educación e Ord. Universitaria	1.080.859	1.137.723	56.864	5,3	68,1	67,7
10 Cons. Innovación e Industria	14.947	15.499	552	3,7	0,9	0,9
11 Cons. Medio Rural	95.302	98.652	3.350	3,5	6,0	5,9
12 Cons. Cultura e Deporte	19.366	20.796	1.431	7,4	1,2	1,2
13 Cons. Sanidade	39.168	41.176	2.007	5,1	2,5	2,4
14 Cons. Pesca e Asuntos Marítimos	25.172	26.097	926	3,7	1,6	1,6
15 Cons. Medio Ambiente e Desenv. Sostible	24.867	26.061	1.194	4,8	1,6	1,6
16 Cons. Traballo	34.740	37.405	2.665	7,7	2,2	2,2
17 Cons. Vivenda e Solo	961	3.628	2.666	277,3	0,1	0,2
20 Consello Consultivo de Galicia	1.153	1.248	95	8,2	0,1	0,1
23 Gastos Diversas Consellerías	9.798	11.731	1.933	19,7	0,6	0,7
<b>TOTAL</b>	<b>1.588.226</b>	<b>1.681.276</b>	<b>93.050</b>	<b>5,9</b>	<b>100</b>	<b>100</b>

**CAPÍTULO I. Gastos de persoal**

Cadro nº 29

## Distribución económica

(Miles de euros)

Artigos	2006	Valor Rel.
		2006
10 Altos cargos e delegados	10.787	0,6
11 Persoal eventual de gabinete	7.513	0,4
12 Funcionarios	1.299.812	77,3
13 Laborais	202.766	12,1
14 Outro persoal	202	0,0
15 Incentivos ao rendemento	4.127	0,3
16 Cuotas, prest. e gastos sociais empregador	156.068	9,3
<b>TOTAL</b>	<b>1.681.276</b>	<b>100</b>

**CAPÍTULO I. Gastos de persoal**

Cadro nº 30

## Distribución funcional

(Miles de euros)

Funcións	2006	Valor Rel.
		2006
11 Alta Dirección da Comunidade Autónoma	19.468	1,2
12 Administración Xeral	85.114	5,1
21 Seguridade Social e Protección Social	101.748	6,1
23 Protección Civil e Seguridade	3.794	0,2
24 Promoción do Emprego	29.899	1,8
31 Sanidade	41.176	2,4
32 Educación	1.147.795	68,3
33 Vivenda e Urbanismo	7.667	0,5
34 Políticas Ambientais	25.025	1,5
35 Cultura	28.492	1,7
36 Outros Servizos Comunitarios e Sociais	1.976	0,1
41 Infraestrutura Básica e do Transporte	21.336	1,3
42 Outras Infraestruturas no Sector Primario	33.015	2,0
43 Investigación Científica, Técnica e Aplicada	8.852	0,5
51 Actuacións Económicas Xerais	5.850	0,3
52 Comercio	823	0,0
53 Actividades Financeiras	30.725	1,8
61 Agricultura, Gandería e Pesca	75.327	4,5
62 Industria	8.735	0,5
65 Turismo	3.426	0,2
71 Apoio á creación e ampliación de empresas	1.033	0,1
<b>TOTAL</b>	<b>1.681.276</b>	<b>100</b>

## CAPÍTULO II. Gastos en bens correntes e servizos

